



<http://www.ciberlingua.org>

### Simulacións:

Unha vez vistas e traballadas mecanicamente as distintas opcións do correo electrónico, podemos levar a cabo unha especie de xogo de roles que permita ver algunha das utilidades que pode ter no eido profesional docente. Esta práctica permitirá vivir un “uso real” das distintas posibilidades do e-mail: copias, reenvíos, adxuntos, libro de enderezos... Veremos a continuación dúas propostas de simulación:

○ Reunións de departamentos (nun grupo heteroxéneo de mestres de moi distintas especialidades e niveis). Reparto de roles:

- Xefe de estudos.
- Xefe do Departamento de Orientación.
- Presidente da APA.
- As persoas restantes dividiránse entre mestres, titores e pais de alumnos.

O xefe de estudos enviará un mail ós mestres, convocándoos a un claustro; o xefe do Departamento de Orientación enviarao ós titores convocándoos a unha reunión respecto ó Plan de Acción Titorial e, por último, o presidente da APA convocará a unha xuntanza ós pais de alumnos. No correo deberá figurar a orde do día Cada un dos destinatarios, ó recibir o correo terá que responder



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

confirmando ou non a súa asistencia e facendo as críticas que considere oportunas respecto á orde do día.

- O día das Letras Galegas (con grupo maioritariamente de lingua e literatura). A actividade será desenvolta en grupos de 5. Reparto de roles:
  - Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística dun Instituto.
  - Profesor dun colexio de primaria que vai participar no evento.
  - Concelleiro de cultura que financiará o acto.
  - Escritor convidado.
  - Coordinador doutro Equipo de Normalización que se opón á proposta.

Usando o correo electrónico, todas estas persoas deben concretar un centro, un día e hora para levar a cabo o festival das Letras Galegas dos diferentes colexios da zona. Cada un deles fará a súa proposta respecto ás actividades a desenvolver e enviaraa ós demais implicados, buscando chegar a algún tipo de acordo.



GALEGO 21.org

